

O IMPACTO DA POLÍTICA REXIONAL COMUNITARIA EN GALICIA. UNHA PANORÁMICA

JOSÉ FRANCISCO ARMESTO PINA¹
Universidade de Vigo

Recibido: 17 de setembro de 2008

Aceptado: 25 de setembro de 2008

Resumo: O obxectivo deste artigo é presentar os principais estudos cuantitativos sobre a incidencia dos fondos estruturais nos indicadores económicos básicos da Comunidade Autónoma galega. Logo da presentación do volume e da asignación de fondos comunitarios entre as distintas comunidades autónomas españolas desde o ano 1986 ata o ano 2006, a conclusión máis importante que se pode sacar é que, aínda que en termos relativos non se poida falar en Galicia dunha aproximación ou converxencia activa, si hai converxencia pola vía da produción á media española ou ás autonomías máis desenvolvidas en termos absolutos, e as distintas análises realizadas si presentan unha mellora das variables macroeconómicas: produción, VEB, emprego ou stock de capital.

Palabras clave: Política rexional / Fondos estruturais / Converxencia activa / Impacto macroeconómico / Marco comunitario de apoio.

THE IMPACT OF EU REGIONAL POLICY IN GALICIA. AN OVERVIEW

Abstract: This article's aim is to present the principal quantitative Studies on the impact of the Structural Funds on Galician economic basic indicators. It begins with a presentation of the volume and assignment of community funds between the different Spanish regions from 1986 until 2006. The most important conclusion that can be reached is that though in relative terms, it is not possible to speak in Galicia of an approximation or active convergence, that is to say, in terms of production, to the Spanish average or to the most developed regions, in absolute terms, the different analyzed studies present an improvement of the macroeconomic variables: production, GVA, employment or capital stock.

Keywords: Regional policy / Structural funds / Active convergence / Macroeconomic impact / Community frame of support.

1. INTRODUCCIÓN

Desde a creación do que hoxe coñecemos como Unión Europea, esta caracterizouse por un gran dinamismo que se reflicte, entre outros aspectos, nas súas seis ampliacións, no establecemento de ambiciosos obxectivos, na creación do mercado único europeo, na introdución do euro ou na coordinación e posta en marcha de novas políticas comunitarias.

Logo da adhesión de España á Unión Europea o 1 de xaneiro de 1986, o noso país foi o receptor dun elevado importe de axudas comunitarias dos fondos estruturais destinados a corrixir os desequilibrios rexionais. Aínda que son moitos os estudos sobre o impacto das políticas a nivel europeo, o seu número redúcese a medida que descendemos a nivel rexional ou a nivel local, motivado en gran parte polos problemas asociados non só á cantidade senón tamén á calidade dos datos dispoñibles.

¹ O autor quere agradecerlle as útiles suxestións e as achegas realizadas a Santiago Lago Peñas.

Aínda que o obxectivo central deste artigo é mostrar unha panorámica acerca dos principais estudos que trataron o impacto macroeconómico dos fondos comunitarios na Comunidade galega, previamente debemos tratar de responder dúas importantes cuestións: cantos fondos recibiu Galicia ao longo destas dúas últimas décadas?, cal foi a súa incidencia en termos da aproximación do seu PIB *per cápita* aos niveis medios europeos e españois? A pesar de que Galicia recibiu preto dun 12% do investimento dirixido a España, mantense ao longo dos vinte anos considerados como a terceira ou a cuarta autonomía cun menor PIB por habitante, e iso nun contexto de paulatino descenso do peso relativo da súa poboación no conxunto de España.

En segundo lugar, lévase a cabo unha revisión das análises de impacto macroeconómico realizadas, que poñen de manifesto que non existe un consenso xeneralizado acerca da repercusión da política rexional e do grao de converxencia alcanzado. A maioría dos estudos tratan de calcular que proporción do crecemento do valor engadido, do emprego ou do stock de capital está relacionado co investimento comunitario.

2. FONDOS ESTRUTURAIIS EUROPEOS

Ao longo das últimas dúas décadas, o importe total dos fondos estruturais recibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia aproxímase aos once mil millóns de euros, o que representa un 11,8% do total asignado a España nese período de tempo. Comparado co resto das comunidades autónomas españolas, Galicia sitúase como a segunda comunidade autónoma que máis fondos recibe, por detrás de Andalucía, que acapara o 25% do investimento distribuído.

Se a esa cantidade se lle engade o importe do investimento financiado polo Fondo de Cohesión, cuxo peso relativo en Galicia é similar ao dos fondos estruturais, á Comunidade Autónoma galega teríanselle asignado algo máis de doce millóns cincocentos mil euros, o 11,7% do total estatal. Andalucía (23,3%), Galicia, Castela e León (10,1%) e a Comunidade Valenciana (9,4%) son as catro Comunidades Autónomas que máis axuda reciben.

A pesar deste notable esforzo investidor, se o éxito ou a eficacia da política rexional se medise a través da evolución do indicador PIB *per cápita* e a súa converxencia activa ás medias comunitaria e española, poderíase falar dun preocupante balance dos resultados da axuda comunitaria.

Aínda que é certo que entre os anos 1995-2005 (últimos datos publicados polo Eurostat) Galicia presenta un proceso de aproximación á media dos vinte e sete Estados membros, non é menos certo que esa evolución é inferior á rexistrada tanto polo conxunto de rexións obxectivo 1 como pola media española e pola do conxunto das autonomías españolas que non son obxectivo 1.

Mentres que Galicia reduciu en 9,2 puntos porcentuais a distancia coa media da UE-27 –pasou do 75% ao 84,2% entre os anos 1995 e 2005–, a media española

mellorou en 11,1 puntos, sendo este diferencial de 12,7 puntos porcentuais para o conxunto das autonomías máis desenvolvidas e de 9,5 puntos para as comunidades autónomas cualificadas como obxectivo 1.

Cadro 1.- Fondos estruturais e Fondo de Cohesión recibidos polas comunidades autónomas españolas, 1986-2006

	FONDOS ESTRUCTURALS		FONDO DE COHESIÓN (1)		TOTAL	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Andalucía	23.167,0	25,0	2.401,8	13,8	25.568,8	23,3
Aragón	1.658,8	1,8	1.622,1	9,3	3.280,9	3,0
Asturias	4.065,8	4,4	645,6	3,7	4.711,4	4,3
Baleares	354,6	0,4	499,5	2,9	854,1	0,8
Canarias	5.692,2	6,2	418,6	2,4	6.110,7	5,6
Cantabria	1.337,6	1,4	61,3	0,4	1.398,9	1,3
Castela e León	9.958,5	10,8	1.138,2	6,5	11.096,7	10,1
Castela-A Mancha	6.977,4	7,5	958,0	5,5	7.935,4	7,2
Cataluña	4.731,0	5,1	2.582,2	14,8	7.313,3	6,7
C. Valenciana	8.485,0	9,2	1.875,8	10,8	10.360,8	9,4
Extremadura	5.966,2	6,4	108,3	0,6	6.074,6	5,5
Galicia	10.905,1	11,8	1.989,7	11,4	12.894,8	11,7
Madrid	2.110,0	2,3	2.144,3	12,3	4.254,4	3,9
Murcia	3.285,5	3,6	282,4	1,6	3.567,9	3,2
Navarra	538,0	0,6	157,5	0,9	695,5	0,6
País Vasco	2.523,1	2,7	371,0	2,1	2.894,2	2,6
A Rioxa	251,3	0,3	77,5	0,4	328,7	0,3
Ceuta	235,2	0,3	84,1	0,5	319,3	0,3
España	92.513,6	100,0	17.417,9	100,0	109.931,5	100,0

(1) Para o cálculo do reparto do Fondo de Cohesión entre as distintas comunidades autónomas para o período 2000-2006 considérase que se mantén a distribución porcentual existente ata o ano 1999.

FONTE: Elaboración propia a partir de Manzanedo López e Correa (2002) e da Comisión Europea (representación en España).

A diferenza do que sucede para o conxunto da Unión Europea, onde a converxencia se produce fundamentalmente de maneira activa, cun incremento medio de 1,5 puntos por riba da media UE-27, o PIB *per cápita* galego mantén o diferencial co valor rexistrado para o conxunto de España, o cal é preocupante dada a grave deterioración do peso relativo da poboación galega no total estatal. Os datos recollidos no cadro 3 non só reflicten unhas taxas de crecemento medio anual inferiores á media española, senón que tamén indican que, mentres que a poboación galega se mantén practicamente constante nos anos considerados, a poboación española crece a un ritmo medio anual do 0,6% entre os anos 1986 e 1995 e do 1% entre os anos 1995 e 2005.

No período 1986-1995, o PIB por habitante só mellorou oito décimas, representando no ano 1995 o 79,6% da media española (SEC-79). Se consideramos os datos segundo o *Sistema de contas europeo* (SEC-95), esta mellora só é de unha décima entre os anos 1995 e 2005, situándose neste último ano nun 81,7% da media española. Extremadura, Andalucía, Castela-A Mancha e Galicia mantéñense ao longo dos vinte anos considerados como as catro Comunidades Autónomas con menor PIB por habitante.

Cadro 2.- Convergencia real das comunidades autónomas españolas coas medias europea (UE-27) e española en termos de PIB por habitante, 1986-2005

	EN RELACIÓN COA MEDIA EUROPEA				EN RELACIÓN COA MEDIA ESPAÑOLA							
	SEC-95				SEC-79				SEC-95			
	1995	2000	2005	Δ 95-05	1986	1990	1995	Δ 86-05	1995	2000	2005	Δ 95-05
	Unión Europea	100,0	100,0	100,0								
España	91,9	97,6	103,0	11,1	100,0	100,0	100,0		100,0	100,0	100,0	
Madrid	120,1	132,7	133,9	13,8	123,1	125,2	127,0	3,9	130,8	135,9	130,0	-0,7
País Vasco	109,6	119,6	130,8	21,3	128,2	119,2	118,2	-10,0	119,3	122,5	127,0	7,7
Navarra	115,7	124,2	129,2	13,6	121,4	123,5	124,5	3,1	125,9	127,3	125,5	-0,4
Cataluña	111,6	118,9	122,1	10,5	118,5	122,6	125,3	6,8	121,5	121,8	118,5	-3,0
Baleares	111,4	120,2	113,7	2,3	129,5	129,3	124,8	-4,7	121,3	123,2	110,4	-10,8
A Rioxa	105,2	111,1	110,0	4,9	119,4	113,5	113,1	-6,3	114,5	113,9	106,8	-7,7
Aragón	99,0	102,0	109,5	10,5	108,8	111,0	113,0	4,2	107,8	104,5	106,4	-1,4
Cantabria	85,5	91,2	100,9	15,4	95,9	98,5	97,8	1,9	93,0	93,5	97,9	4,9
Castela e León	88,3	88,3	97,0	8,7	93,0	87,7	95,6	2,6	96,1	90,5	94,1	-1,9
C. Valenciana	87,5	94,1	94,8	7,3	101,5	100,9	94,5	-7,0	95,2	96,5	92,1	-3,2
Canarias	88,7	92,5	93,7	5,0	99,3	95,9	94,9	-4,4	96,5	94,8	91,0	-5,6
Ceuta	77,6	83,2	93,5	15,9					84,5	85,2	90,8	6,3
Melilla	82,1	82,4	91,3	9,2					89,4	84,4	88,6	-0,8
Asturias	81,0	81,5	90,2	9,2	100,8	92,2	93,6	-7,2	88,2	83,6	87,6	-0,6
Murcia	76,0	81,9	87,7	11,7	96,4	94,8	86,3	-10,1	82,7	83,9	85,1	2,4
Galicia	75,0	75,8	84,2	9,2	78,8	76,1	79,6	0,8	81,6	77,7	81,7	0,1
Castela-A Mancha	75,4	76,7	81,8	6,4	78,0	83,6	83,0	5,0	82,1	78,6	79,5	-2,6
Andalucía	68,6	71,9	80,4	11,9	75,6	76,6	72,8	-2,8	74,6	73,7	78,1	3,4
Extremadura	58,9	62,1	69,7	10,8	63,3	65,1	69,2	5,9	64,1	63,7	67,7	3,5
Rexións obxectivo 1 España	77,2	80,4	86,7	9,5	86,3				84,0	82,4	84,1	0,1
Resto CC.AA.	112,2	121,3	124,9	12,7					122,2	124,3	121,3	-0,8
Media 15 rexións europeas máis ricas	176,1	183,3	181,8	5,8								

FONTE: Elaboración propia a partir do Eurostat e da Comisión Europea (representación en España).

Cadro 3.- Taxas de crecemento da poboación e da produción en España e na Unión Europea (UE-27), 1986-2005

	POBOACIÓN		PIB PREZOS DE MERCADOS, PREZOS CONSTANTES		PIB (PPA) PREZOS CORRENTES
	Δ 86-95 (%)	Δ 95-05 (%)	Δ 86-95 (%)	Δ 95-05 (%)	Δ 95-05 (%)
Unión Europea		0,27			4,64
España	0,57	0,98	2,88	3,69	7,13
Madrid	0,90	1,54	2,74	4,40	7,67
País Vasco	-0,02	0,13	1,68	3,52	6,90
Navarra	0,43	0,94	2,81	3,93	7,06
Cataluña	0,46	1,16	3,59	3,53	7,07
Baleares	1,70	2,65	3,71	3,30	7,90
A Rioxa	0,35	1,23	4,14	3,43	6,67
Aragón	0,20	0,45	2,92	3,31	6,44
Cantabria	0,40	0,47	2,95	3,46	7,15
Castela e León	0,01	-0,15	2,36	2,71	5,73
C. Valenciana	0,85	1,60	2,81	3,96	7,42
Canarias	1,23	2,16	3,26	3,87	7,76
Ceuta	1,31	0,22	4,16 (1)	3,62	7,12
Melilla	2,53	0,89		3,32	6,96
Asturias	0,06	-0,22	1,69	2,49	5,81
Murcia	1,10	1,88	2,59	4,55	8,41
Galicia	-0,05	0,00	2,36	2,69	6,12
Castela-A Mancha	0,36	1,00	3,25	3,49	6,82
Andalucía	0,84	0,84	3,05	3,98	7,48
Extremadura	0,15	0,06	3,17	3,65	6,74

(1) Os datos da evolución do PIB corresponden ao conxunto de Ceuta e Melilla.

FONTE: Elaboración propia a partir do Eurostat e do INE.

3. REVISIÓN DA LITERATURA

Ao longo dos últimos anos son moitos os estudos que tratan de analizar o impacto macroeconómico dos fondos estruturais e de cuantificar en que medida esa axuda se traduce en variacións do VEB, da produción efectiva, do emprego, do capital público ou do capital privado. Con todo, a medida que descendemos no ámbito xeográfico o seu número diminúe considerablemente motivado, en gran parte, pola ausencia de datos homoxéneos e de calidade.

Como norma xeral, os distintos autores –a través de distintas metodoloxías– chegan a conclusións positivas acerca do impacto dos fondos estruturais nas principais variables macroeconómicas, cualificando de “incuestionable”, de “significativa”, de “considerable” ou de “nada desdeñable” a contribución dos fondos á economía española ou ás economías autonómicas. Porén, tamén consideran que os datos hai que tomalos cunha certa precaución e alertan das posibles causas que mino-

ran a súa eficiencia, e que mesmo poden xerar un efecto inverso ao inicialmente previsto: as “fugas de actividade”, os riscos dunha excesiva especialización produtiva en rexións obxectivo 1 ou un mal deseño e posta en marcha das distintas estratexias.

Aplicando a metodoloxía das táboas input-output integradas, que permiten captar as relacións intersectoriais, Dones e Pérez (2002) chegan á conclusión de que no crecemento da economía galega hai unha elevada dependencia das transferencias de capital procedentes da UE. Segundo os seus cálculos, o 56,4% do crecemento galego está vinculado á recepción desas axudas, sendo só superada esta porcentaxe polas de Estremadura e Asturias e, por suposto, polas de Ceuta e Melilla. Isto implicaría que, de non existir estes fondos, o crecemento económico galego se tería visto reducido nesa mesma proporción.

No período 1995-1999 Galicia situouse como a cuarta Comunidade Autónoma cunha maior proporción de fondos directos, cun 9,7% do total estatal, case 560.000 millóns de pesetas do ano 1995. O seu efecto multiplicador, ao igual ca no conxunto das rexións obxectivo 1, foi de 1,3 décimas por baixo da media española. En termos de redistribución da produción xerada, o estudo destes dous autores reflicte que Galicia se situaría como unha das comunidades autónomas máis prexudicadas no momento en que o diferencial cos fondos recibidos é de -1,5 puntos porcentuais (3,2 puntos en Ceuta e Melilla e 2,1 puntos en Andalucía). No caso contrario, as Comunidades máis beneficiadas neste proceso de redistribución serían Madrid e Cataluña, que gañarían un 7% e un 3,6%, respectivamente.

Polo que respecta aos efectos finais en termos de VEB e de emprego inducido polos fondos estruturais, cómpre resaltar que a Comunidade Autónoma galega se ve beneficiada, xa que o efecto medio é do 1,7% sobre o VEB e do 2,4% sobre o emprego (1% e 1,4%, respectivamente, en España).

A análise *ex post* do impacto de demanda derivado do gasto público executado no período 1994-1996 grazas ao *Marco de apoio comunitario* (MAC), recollido no *Plan estratéxico de desenvolvemento económico de Galicia 2000-2006* (PEDEGA) (1999), reflicte un resultado similar polo que respecta ao efecto medio sobre o VEB. O estudo indica que nese período de tempo o efecto medio anual en termos do VEB foi do 1,7%, sendo esta porcentaxe do 1,8% con respecto ao total de ocupados e do 2,6% sobre o emprego non agrario.

Segundo os datos presentados no dito Plan, en ausencia dos fondos executados o crecemento nominal da economía galega no trienio considerado sería cinco puntos inferior ao rexistrado: 17,3% e 22,3%, respectivamente.

No informe definitivo da avaliación intermedia do *Programa operativo integrado de Galicia 2000-2006* (POI) (Quasar Consultores, 2005) aplícase o modelo Hermin a Galicia para cuantificar o impacto macroeconómico da intervención comunitaria na Comunidade Autónoma galega. Como punto de partida é importante destacar que, por termo medio, os investimentos do *Programa operativo de Galicia* representan un 1,7% do seu PIB durante o período 2000-2006, dos que máis dun

70% corresponden a infraestruturas, fronte a un 17,8% que se destina a empresas e a un 11% que se dedica ao capital humano.

Polo que respecta á actuación do POI á hora de promover a cohesión económica, as estimacións reflicten que o nivel de PIB real da economía galega experimentaría, logo de recibir os investimentos programados entre os anos 1999-2006, un crecemento acumulado dun 2,43%, sendo esta porcentaxe case medio punto superior ao hipotético caso de inexistencia de fondos estruturais. Tomando o horizonte do ano 2010, a taxa media de crecemento sería do 2,46%, 0,54 puntos por baixo do obxectivo do 3% fixado na Axenda de Lisboa.

En termos de renda *per cápita*, os resultados estimados indican que a renda media por habitante sería de 381 euros do ano 1995, superior á existente en ausencia de fondos (376 no caso da análise de todo o período de vixencia de programación, é dicir, entre o ano 2000 e o ano 2008).

Ese dinamismo económico non se trasladaría totalmente ao mercado de traballo galego, onde o nivel de emprego experimentaría un incremento medio anual acumulado do 1% entre os anos 1999-2006, fronte ao 0,84% en ausencia dos fondos estruturais. Así mesmo, as taxas medias de ocupación e de paro mellorarían ao longo do período analizado, situándose o diferencial entre os dous escenarios considerados (ausencia ou non do POI) en 1,26 puntos porcentuais e en -1,31 puntos, respectivamente. A taxa de emprego galega ascendería ata o 52% (51,7% en ausencia do POI) e a taxa de paro caería ata o 13,4% (14,8% sen a axuda dos fondos comunitarios).

Como resultado desta evolución, a produtividade aparente do factor traballo rexistraría un crecemento anual acumulativo do 1,67% entre os anos 2000 e 2006, 0,32 puntos porcentuais superior ao aumento en ausencia dos investimentos programados.

Con respecto á ganancia en canto ao stock de capital privado e de capital público en infraestruturas, esta ascendería no período 1999-2006 a 1,02 e a 1,70 puntos porcentuais, respectivamente. O stock de capital privado crecería nese período a un ritmo medio do 2,36%, mentres que o stock de capital público o fará ao 3,42%.

A través de análises econométricas, tanto as estimacións recollidas no PEDEGA (1999) coma os estudos de De la Fuente (2002) e de Cancelo de la Torre *et al.* (2005) chegan a conclusións positivas sobre o impacto dos fondos estruturais en Galicia. Mediante a estimación dun modelo de crecemento centrado na oferta, indican que o impacto sobre o output e o emprego foi considerable.

Para a valoración dos efectos tanto de demanda coma de oferta do investimento comunitario, o PEDEGA incorpora un modelo econométrico de avaliación estrutural específico para Galicia. Este modelo está integrado por catro ecuacións: unha función de produción, que determina a renda a partir do emprego e do stock de capital público e privado; unha función de demanda de traballo, que está determinada pola renda e polo stock de capital humano; unha función de investimento privado, que explica o investimento privado a partir do nivel de renda; e unha ecuación de

acumulación de capital privado, que determina este a partir do investimento privado e da depreciación do stock existente. Tendo en conta estas catro ecuacións, a valoración do impacto realízase a partir dunha análise contrafactual que compara unha situación hipotética de referencia, na que non se inclúen as intervencións do MAC, cun escenario real alternativo que si considera esas achegas.

Cadro 4.- Evolución do impacto do MAC en Galicia, 1994-1999

	ECONOMÍA SEN MAC	REALIZADO 1994-1996 + PROGRAMADO 1997-1999	REALIZADO 1994-1996
1994-2013	100	103,2	101,7
1004-2004	100	103,6	102,0
1004-1999	100	103,1	102,1
1994-1996	100	101,8	101,8

FONTE: Xunta de Galicia (1999).

Nese documento realízase, en primeiro lugar, unha análise *ex post* do MAC no período 1994-1999. Se se considera a suma dos investimentos realizados entre os anos 1994 e 1996 e os programados para os anos 1997 a 1999, as simulacións obtidas indican que as axudas comunitarias farían que a renda non agraria fora no período 1994-1999 un 3,1% máis alta do que sería sen estas actuacións, alcanzando esta porcentaxe o seu maior valor no período 1994-2004, cun 3,6%. Pola contra, se só se teñen en conta os investimentos realizados no trienio 1994-1996, realizaríase unha avaliación *ex post* do impacto dos fondos realmente executados nese momento, sendo o incremento adicional do VEB do 1,8% nese trienio, chegando esta porcentaxe ata un 2,1% no período 1994-1999.

En termos de emprego, no momento de máxima desviación –no ano 1999– este chega a ser lixeiramente superior ao 3% en relación cunha economía sen MAC, descendendo posteriormente ata un 1,7% no último ano considerado –o ano 2013–. Se unicamente se teñen en conta os datos do investimento realmente executado, o maior diferencial prodúcese no ano 1996, ano no que o emprego se sitúa un 1,6% por riba do hipotético caso dunha economía sen MAC. No ano 2013 a ocupación aínda sería sete décimas superior á existente nunha economía sen MAC.

O stock de capital privado chega a ser no ano 1999 un 9% superior do que sería sen o paquete de fondos MAC, descendendo desde aquela ata un 5,6% no ano 2013. Se en lugar da execución completa do MAC se considerase o investimento realizado no trienio 1994-1996, a desviación máxima alcanzaríase no ano 1996 cun 3,5%, reducíndose ata o 2,5% no ano 2013. O impacto sobre o stock de capital público é lixeiramente superior ao privado, alcanzando un máximo do 10,6% no ano 1999 se se considera o escenario de execución total do MAC, e do 5,2% se só se considera o investimento realmente executado.

Ademais desta avaliación *ex post*, o Plan incorpora unha avaliación *ex ante* do impacto macroeconómico das axudas programadas para o período 2000-2006. Como se recolle no cadro 5, a execución do PEDEGA permitiría que o impacto total acumulado sobre o VEB e o emprego privado non agrario galego nese período fo-

ran do 8% e do 7%, respectivamente. A máis longo prazo, no período 2000-2020 os impactos acumulados estimados reduciríanse ata o 6,1% e o 5,8%, respectivamente.

Cadro 5.- Avaliación *ex ante* do impacto total do PEDEGA desagregado en impacto de oferta e de demanda sobre o VEB e o emprego privado non agrario en Galicia

	VEB PRIVADO NON AGRARIO (SEN MAC = 100)			EMPREGO PRIVADO NON AGRARIO (SEN MAC = 100)		
	Impacto total	Efectos demanda	Efectos oferta	Impacto total	Efectos demanda	Efectos oferta
2000-2006	108,0	103,5	104,4	107,0	103,3	103,7
2000-2010	107,4	102,1	105,3	106,6	102,0	104,5
2000-2015	106,7	101,4	105,3	106,2	101,4	104,8
2000-2020	106,1	101,0	105,1	105,8	101,0	104,8

FONTE: Xunta de Galicia (1999).

Se só se consideran os efectos de oferta, a incidencia sobre o emprego mantense no longo prazo, alcanzando un diferencial do 4,8% no ano 2020. Nese período, o impacto sobre o VEB sería do 5,1%.

Cadro 6.- Impacto do conxunto do gasto público recollido no MAC 1994-1999 no curto, no medio e no longo prazo baixo os supostos da existencia de efectos inducidos a través do investimento privado

	NO CURTO PRAZO			NO MEDIO E NO LONGO PRAZO			
	1º ano de vixencia 1994			Acumulado 1994-2000		Acumulado 1994-2005	
	Δ VEB (%)	Δ emprego (%)	Rendibilidade (%)	Δ VEB (%)	Δ emprego (%)	Δ VEB (%)	Δ emprego (%)
Andalucía	1,05	0,37	28,0	6,79	3,29	6,20	4,19
Asturias	1,21	0,43	26,0	7,80	3,78	7,23	4,86
Canarias	1,06	0,38	38,6	6,90	3,35	6,39	4,30
Cantabria	1,18	0,42	24,0	7,65	3,71	7,00	4,73
Castela e León	1,12	0,40	23,9	7,28	3,53	6,66	4,50
Castela-A Mancha	0,94	0,33	20,5	6,16	2,99	5,66	3,82
C. Valenciana	0,77	0,27	38,8	5,03	2,44	4,68	3,15
Estremadura	0,99	0,35	16,5	6,53	3,16	6,04	4,06
Galicia	1,52	0,54	32,6	9,67	4,68	8,91	5,99
Murcia	1,22	0,43	31,3	7,95	3,85	7,33	4,93
Total obxectivo 1	1,07	0,38	28,65	6,92	3,38	6,37	4,33
Total España	0,53	0,21		3,44	1,85	3,17	2,37

FONTE: De la Fuente (2002).

Pola súa parte, De la Fuente (2002), á hora de cuantificar o impacto do *Marco de apoio comunitario 1994-1999* nas comunidades autónomas españolas cualificadas como obxectivo 1, considera tanto os fondos estruturais coma o cofinanciamento das autonomías. Este autor, con datos de panel, estima conxuntamente unha fun-

ción de produción agregada tipo Cobb-Douglas e unha función de demanda de traballo que incorpora os custos de axuste no emprego. A partir de aquí, calcula unha taxa de rendibilidade social que recolle a contribución ao crecemento do produto rexional.

Ao igual que Rodríguez Pose, sinala que os resultados estimados han tomarse con precaución. Para el, a marxe de erro en todo este tipo de análises podería aumentar debido tanto á falta de consenso sobre os valores dalgúns parámetros cruciais (por exemplo, o impacto de infraestruturas) como ao suposto implícito de que o investimento financiado polo *Marco de apoio comunitario* ten exactamente o mesmo impacto que outras achegas da mesma natureza.

Afirma a importancia do volume de gasto canalizado polo MAC 1994-1999 en termos macroeconómicos, que supón para Galicia un 5,2% do seu PIB (só superada por Extremadura, cun 5,4%), 1,4 puntos porcentuais por riba da media para o conxunto das rexións obxectivo 1, e 3,3 puntos máis ca en España. O gasto en infraestruturas físicas financiado polo MAC supuxo en Galicia o 55,4% do investimento total nese concepto, o que a converte na Comunidade Autónoma catalogada como obxectivo 1 cun maior peso relativo (o 47,8% no conxunto destas comunidades autónomas e o 29% de media en España).

De la Fuente chega á conclusión de que este peso é moi considerable en termos de renda e de emprego tanto no curto coma no longo prazo, e de converxencia co resto de España. Con todo, fai tamén fincapé no custo de oportunidade que supoñen estas axudas xa que, se se asignasen en termos de eficiencia, mesmo se podería ter reducido máis a distancia coa media europea, aínda que á conta dunha maior desigualdade entre as comunidades autónomas españolas.

No curto prazo, as taxas medias de rendibilidade social, que recollen a contribución ao crecemento do produto rexional, son xeralmente máis elevadas nas comunidades autónomas máis avanzadas dentro das consideradas obxectivo 1 (Canarias ou a Comunidade Valenciana) ou naquelas que teñen menores dotacións de capital por emprego (Galicia e Murcia). O amplo abano de taxas suxire que *“os criterios actuais de distribución das axudas europeas implican un importante custo de eficiencia [...o que supoñería...] un cambio de filosofía importante na formulación das políticas de cohesión comunitarias (que pasarían a basearse nun criterio nacional en vez de rexional)”*.

A análise do impacto no seu primeiro ano de vixencia (no curto prazo) do MAC 1994-1999 na economía galega, tanto no escenario de ausencia de efectos inducidos coma no máis realista da existencia de efectos inducidos a través do investimento privado, reflicte que a rendibilidade media do conxunto do MAC en Galicia está por riba do 30%. No segundo caso, os datos indican que as taxas de rendibilidade oscilan entre o 48,9% das infraestruturas e o 12,3%, das subvencións, que é o que ten menor capacidade para xerar emprego e renda por unidade de gasto público.

Cadro 7.- Impacto no curto prazo do MAC en Galicia e rendibilidade do gasto público

	GASTO PÚBLICO	Δ VEB DIRECTO	Δ VEB INDUCIDO	Δ VEB TOTAL		RENDIBILIDADE GASTO PÚBLICO
	Millóns de pesetas do ano 1990	%	%	%	Millóns de pesetas do ano 1990	%
SEN EFECTOS INDUCIDOS SOBRE O INVESTIMENTO PRIVADO						
Infraestruturas	60.055	0,84	0,00	0,84	25.577	38,5
Investimento público directo	13.220	0,11	0,00	0,11	3.479	18,5
Subvencións	36.494	0,31	0,31	0,63	19.214	44,8
Formación	11.549	0,06	0,00	0,06	1.745	15,0
Total	121.319	1,32	0,31	1,64	49.684	35,4
CON EFECTOS INDUCIDOS SOBRE O INVESTIMENTO PRIVADO						
Infraestruturas	60.055	0,84	0,22	1,06	32.268	48,9
Investimento público directo	13.220	0,11	0,04	0,16	4.819	28,7
Subvencións	36.494	0,31	-0,07	0,24	7.325	12,3
Formación	11.549	0,06	0,01	0,06	1.937	16,2
Total	121.319	1,32	0,19	1,52	46.046	32,6
(1) Supón implicitamente que todo o cofinanciamento privado comprometido constitúe investimento novo. Este suposto sobre o efecto de arrastre das subvencións explicaría a diferenza na súa rendibilidade social entre un e outro escenario.						
(2) Supón unha taxa de depreciación do 7,8% para o capital e do 4,1% para as infraestruturas, así como unha "vida útil" de 34,13 anos para o capital humano.						

FONTE: De la Fuente (2002).

Se, pola contra, nos centramos no impacto sobre a renda e o emprego no medio e no longo prazo, Galicia sería a Comunidade Autónoma máis favorecida de todas as consideradas como obxectivo 1, mentres que a menos favorecida sería a Comunidade Valenciana. O impacto acumulado do *Marco 1994-1999* no ano 2000 supón un incremento do valor engadido bruto do 9,7% e do 4,7% no caso do emprego, o que se traduce na creación de máis de 44.000 postos de traballo.

Se tomamos como referencia o ano 2005, estas porcentaxes serían do 8,9% e do 6%, respectivamente. O impacto acumulado do MAC nese ano supón para Galicia un incremento na renda de 8,91 puntos porcentuais, máis de catro puntos por riba do estimado para a Comunidade Valenciana (4,68%), mentres que no caso do emprego este incremento se sitúa en 5,99 puntos (3,15 puntos na Comunidade Valenciana), o que se traduce na creación de case 56.500 empregos en Galicia fronte aos case 41.000 da Comunidade Valenciana.

Cancelo de la Torre *et al.* (2005), para analizar o impacto no medio e no longo prazo dos fondos estruturais na economía galega, constrúen un modelo econométrico multiecuacional, con estrutura similar ao Hermin, pero deseñado para capturar especificamente os efectos polo lado da oferta. Este modelo contén unha función de produción tipo Cobb-Douglas aumentada co capital público, unha función de demanda de traballo e unha función de acumulación de capital privado, e supón que a acumulación de capital público e humano son esóxenos.

Estes autores, considerando os MAC 1994-1999 e 2000-2006, estiman o modelo usando datos de panel a nivel rexional e agrupan os nove eixes de desenvolvemento

mento en tres grandes grupos: infraestruturas, transporte e medio ambiente; investimento produtivo: agricultura, desenvolvemento rural, empresa e turismo; e, finalmente, educación e accións de formación e capital humano.

Con respecto á cuantificación do impacto dos fondos estruturais no medio e no longo prazo, as súas estimacións reflicten que no horizonte do ano 2020 a contribución ao output galego sería, segundo o escenario que se teña en conta, de entre un 5,4% e un 10% superior ao rexistrado no hipotético caso da non existencia de axudas comunitarias, mentres que no horizonte do ano 2010 a galla se reduce lixeiramente: entre un 5,9% e un 9,1%. Como se recolle no cadro 8, as estimacións máis optimistas corresponden a un escenario caracterizado pola existencia de rendementos constantes a escala, pola consideración do capital público total e polas elasticidades comúns a todas as autonomías. Pola contra, as especificacións máis conservadoras son as que se caracterizan por un tratamento separado do capital público produtivo e social, pola existencia de rendementos constantes a escala e polas elasticidades específicas para as rexións obxectivo 1.

En relación co impacto acumulado no emprego no medio prazo, os autores sinalan que existe unha desviación de 5,4 puntos porcentuais con respecto á hipótese de non existencia de fondos estruturais, o que representa unha creación de 38.000 novos postos de traballo, mentres que no longo prazo esta porcentaxe descende ata o 3,1%.

Cadro 8.- Impacto dos fondos estruturais na renda galega en relación coa renda na economía de referencia (sen fondos)

	ESCENARIO 1	ESCENARIO 2	ESCENARIO 3	ESCENARIO 4
1994-2020	105,5	110,0	106,7	105,4
1994-2010	106,0	109,1	107,3	105,9
1994-2006	105,5	107,9	106,6	105,4
1994-1999	103,4	104,2	103,7	102,7
2000-2006	107,1	110,4	108,7	107,3

Escenario 1: A función de produción incorpora o capital público total, os rendementos a escala estimados a partir dos datos e as elasticidades comúns a todas as rexións.
 Escenario 2: A función de produción incorpora o capital público total, os rendementos constantes a escala impostos *a priori* e as elasticidades comúns para todas as rexións.
 Escenario 3: A función de produción incorpora o capital público produtivo e social considerados separadamente, os rendementos a escala estimados a partir dos datos e as elasticidades comúns a todas as rexións.
 Escenario 4: A función de produción incorpora o capital público produtivo e social considerados separadamente, os rendementos constantes a escala impostos *a priori* e as elasticidades específicas para as rexións obxectivo 1.

FONTE: Cancelo de la Torre *et al.* (2005).

Se temos en conta o impacto acumulado no stock de capital privado no curto e no longo prazo, este supera en 16 e en 9 puntos porcentuais, respectivamente, ao esperado nun marco sen fondos estruturais, mentres que no caso do capital público

estas porcentaxes se situaron no 15% e no 3%, respectivamente. O capital humano non presenta importantes variacións entre unha economía con ou sen axudas comunitarias. Dado o suposto de ausencia de depreciación, unha vez que as diferenzas alcanzan o seu máximo no ano 2006, esta variación estabilízase en preto do 6,5%.

Os distintos modelos que presentamos ata agora teñen como características comúns ser moi agregados, centrarse nun concepto de cohesión baseado en termos económicos e, como xa vimos, ser tremendamente positivos polo que respecta ao impacto final do dito shock externo.

Fronte a esa visión optimista sobre o impacto dos fondos comunitarios no crecemento económico galego, Rodríguez Pose (2000), ao analizar o caso navarro e o galego –que considera comparables polo que respecta ao seu tamaño medio, aos factores demográficos, ao alto nivel de autonomía ou por seren, desde o punto de vista da estrutura económica, unhas comunidades relativamente diversificadas–, fala de fracaso relativo do desenvolvemento rexional en contraposición co éxito relativo de Navarra. Para el, a razón principal que está detrás desta situación é a maneira en que as estratexias de desenvolvemento foron deseñadas e postas en marcha nos anos oitenta e nos primeiros anos dos noventa.

Segundo este autor, a pesar de que as conclusións sobre o impacto das políticas rexionais no crecemento e na converxencia no medio e no longo prazo hai que tomalas con prudencia, en Galicia os recursos centráronse basicamente nas áreas de infraestruturas, baseándose nos problemas de accesibilidade e no déficit de infraestruturas no contexto español, e na de atracción de capital estranxeiro. Porén, considera que se fixo relativamente pouco na Comunidade galega naquelas áreas que xeran unha maior actividade económica e que xeran emprego no longo prazo: promoción de recursos endóxeos e apoio á reestruturación de empresas locais.

Como Rodríguez Pose, Torres Solé e Sala Ríos (2004) non realizan unha cuantificación do impacto das políticas rexionais. Aplicando a metodoloxía de agrupación en factores estratéxicos ou análise clúster, o que avalían é se os fondos estruturais facilitaron unha aproximación socioeconómica das comunidades autónomas á media española. Na súa opinión, ao longo da década dos anos noventa persisten desigualdades territoriais significativas no ámbito das variables socioeconómicas, manténdose a grandes trazos os perfís dos diferentes grupos, polo que non parece que os fondos estruturais cumpriran totalmente o seu obxectivo entre os anos 1990 e 2000.

A partir do estudo do comportamento de vinte e nove variables que reflectirían se existiu ou non cohesión económica e social, entendida esta en sentido amplo e non só en termos económicos, conclúen que, a pesar das axudas recibidas polas autonomías consideradas obxectivo 1, o proceso de afastamento coas comunidades autónomas líderes polo que respecta aos resultados económicos e sociais –Cataluña, Madrid e País Vasco– se intensifica no ano 2000 en relación co ano 1990. Ademais, Galicia, Asturias e Cantabria afástanse do País Vasco no ano 2000 –no ano

1990 estaban na mesma agrupación–, Murcia e Canarias seguen sen aproximarse aos valores das restantes comunidades autónomas, e o resto cambian ou mantéñense no conglomerado inicial pero sen mostrar unha mellora das súas posicións relativas que lles permita reducir distancias con outras comunidades.

Cadro 9.- Clústers por comunidades autónomas

1990		2000		
1	Baleares	1	País Vasco Madrid Cataluña	
2	Galicia Asturias Cantabria	2	Galicia Asturias Cantabria	
3	Madrid Cataluña	3	Navarra A Ríoxa Aragón	Castela e León Castela-A Mancha
4	Murcia Canarias	4	Murcia Canarias	
5	Navarra A Ríoxa	5	Baleares	
6	Castela-A Mancha Estremadura	6	Estremadura C. Valenciana Andalucía	
7	C. Valenciana Andalucía			

FONTE: Torres Solé e Sala Ríos (2004).

Nesta liña de pesimismo, Fayolle e Lecuyer (2000) falan de eficiencia insatisfactoria polo que respecta ao impacto dos fondos sobre o desenvolvemento rexional, ao considerar que está condicionado pola natureza das relacións institucionais e económicas entre os distintos niveis de goberno. Estes autores analizan o proceso de converxencia de 131 rexións europeas a través dun índice de equiparación coa rexión líder no período 1986-1996 –Hamburgo–, de tal maneira que se o signo é positivo indicaría aproximación ou converxencia, e se é negativo indicaría afastamento ou diverxencia. No caso concreto de España, a excepción de Asturias, as rexións obxectivo 1 sitúanse con valores moi lixeiramente positivos (Andalucía, Cantabria, Castela-A Mancha e Castela e León) ou negativos (Galicia, Murcia e Canarias), polo que non se pode falar dunha importante converxencia ou diverxencia respecto desa rexión.

4. CONCLUSIÓN S

A modo de síntese, no cadro 10 recolleemos as principais análises acerca de cal foi o impacto macroeconómico dos fondos estruturais investidos en Galicia. Neste cadro pódese apreciar o modelo empregado, o período analizado, as variables consideradas e o impacto estimado. Os sete primeiros –mediante técnicas de análise input-output, aplicando o modelo Hermin-España a Galicia ou mediante modelos

econométricos– chegan a conclusións positivas sobre a incidencia positiva dos fondos en Galicia. Os tres restantes presentan unha visión máis pesimista do seu impacto.

Cadro 10.- Síntese das análises de impacto macroeconómico dos fondos estruturais en Galicia

	MODELO	ÁMBITO DE ESTUDO	PERÍODO	VARIABLES ANALIZADAS	IMPACTO
Dones e Pérez (2002)	Táboas input-output integradas	CC.AA.	1995-1999	Produción, VEB, emprego. Calcula un “grao de dependencia”	Elevada dependencia do crecemento económico galego das transferencias da UE: máis da metade do crecemento está vinculado a ese investimento
Xunta de Galicia: PEDEGA (1999)	Análise input-output	Galicia	Análises <i>ex post</i> 1994-1996	VEB, emprego	Crecedo nominal cinco puntos por riba do hipotético en ausencia de fondos comunitarios
Quasar Consultores (2005)	Hermin-España	Galicia	2000-2006	Produción, emprego, paro, produtividade e traballo, stock de capital	“Positivos efectos reais [...que se] están producindo na economía galega”. Bo funcionamento en termos de consecución de impactos desexados
Xunta de Galicia: PEDEGA (1999)	Modelo econométrico	Galicia	MAC 1994-1999		
Xunta de Galicia: PEDEGA (1999)	Modelo econométrico	Galicia	MAC 2000-2006		
De la Fuente (2002)	Modelo econométrico	CC.AA., detallando Galicia	MAC 1994-1999	Emprego e output. Calcula a taxa rendibilidade social	“Considerable”
Cancelo de la Torre, Faiña e López Rodríguez (2005)	Modelo “híbrido”. Estrutura similar a Hermin	Galicia	MAC 1994-1999 MAC 2000-2006	Emprego e output	“Considerable”
Torres Solé e Sala Ríos (2004)	Análise clúster	CC.AA.	1990 e 2000	Considera vinte e nove variables socioeconómicas	Visión pesimista xa que en termos xerais os grupos se manteñen e non hai aproximación entre as CC.AA.
Rodríguez Pose (2000)		Galicia Navarra	Anos oitenta e principios dos anos noventa	Compara o deseño e posta en marcha de distintas estratexias	Indican que en Galicia se fixo pouco en áreas que xeran maior actividade económica e emprego: promoción recursos endóxeos e reestruturación empresas locais
Fayolle e Lecuyer (2000)	Calcula o índice de quiparación coa rexión líder en Europa: Hamburgo	131 rexións europeas	1986-1996		Non se pode falar de converxencia ou de diverxencia respecto da dita rexión. Galicia presenta un valor moi lixeiramente negativo

FONTE: Elaboración propia.

Á luz dos resultados obtidos e en liña co resaltado polas propias institucións comunitarias, habería que destacar a importancia e a necesidade de realizar avaliacións e estudos de impacto como instrumento de política económica. Isto esixiría unha maior transparencia e a consideración da avaliación das políticas e dos servizos públicos como algo imprescindible. Neste sentido, o Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia) sinalou que é necesario deseñar mecanismos de seguimento e control tanto para a avaliación acerca de se o gasto público se realiza fielmente de acordo cos programas aos que están vinculados, como para determinar se o esforzo financeiro pagou a pena ou para reformar os programas se estes non cumpren o seu cometido inicial.

Dada a situación e a evolución da economía galega ao longo destes últimos anos, é necesario definir un modelo adecuado de desenvolvemento que consolide a converxencia activa –pola vía do crecemento do PIB– coa media española e con Europa. O propio Consello Económico e Social sinala que para iso habería que potenciar as actividades cun alto valor engadido e fomentar a competitividade e a xeración de novo coñecemento naquelas tecnoloxicamente maduras nas que Galicia xa conta cunha vantaxe comparativa. Á vez, debe velarse para que este crecemento sexa compatible co emprego estable e co reparto equilibrado da renda.

Non cabe dúbida de que o forte investimento comunitario debe desenvolver un papel importante nas necesarias transformacións. En liña co sinalado por Rodríguez Pose e Fratesi (2004), a redistribución dos fondos entre os principais eixes de intervención pode que non fora a máis adecuada para obter os mellores resultados en termos de crecemento no medio e no longo prazo, aínda que si fora unha estratexia adecuada para alcanzar resultados no curto prazo. Estes autores sinalan que a orixe dos problemas das rexións máis atrasadas está nas súas propias características estruturais, polo que as estratexias comunitarias de desenvolvemento deberían ter máis presentes as condicións, carencias e necesidades específicas de cada comunidade autónoma.

BIBLIOGRAFÍA

- CANCELO DE LA TORRE, J.R.; FAÍÑA, J.A.; LÓPEZ RODRÍGUEZ, J. (2005): *The Effect of Structural Fund Spending on the Galician Region: An Assessment of the 1994-1999 and 2000-2006 Galician CSFs*. (Documento de Trabajo, 224/2005). Fundación de las Cajas de Ahorro.
- CEREJO, E.; TURRIÓN, J.; VELÁZQUEZ, F.J. (2007): *Indicadores de convergencia real para las regiones españolas*. (Serie Economía y Sociedad). Fundación de las Cajas de Ahorros.
- CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (2007): *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2006*.
- CONSEJO ECONÓMICO Y SOCIAL (2008): “Crecimiento económico y convergencia regional”, *CAUCES*, 005, pp. 6-21.
- CORREA, M.D.; MANZANEDO LÓPEZ, J. (2002): *Política regional española y europea. Período 1983-1999*.

- DONES, M.; PÉREZ, J. (2002): *Evaluación de los efectos macroeconómicos de los fondos estructurales y de los Fondos de Cohesión (1995-1999) mediante tablas input-output regionales integradas*. Instituto L.R. Klein / Centro Stone.
- FAYOLLE, J.; LECUYER, A. (2000): "Regional Growth, National Membership and European Structural Funds: An Empirical Appraisal", *Revue de l'OFCE*, 0 (73), pp. 165-196.
- FUENTE, A. DE LA (2002): *Fondos estructurales, inversión en infraestructuras y crecimiento regional*. Fundación Caixa Galicia.
- GALICIA. XUNTA (1999): *Plan estratéxico de desenvolvemento económico de Galicia, 2000-2006 (PEDEGA)*, t. 1: "Análise e diagnóstico. Tendencias recentes, situación actual e perspectivas do sistema socioeconómico de Galicia", pp. 117-125; t. 4: "Avaliación *ex ante* do Plan", pp. 28-33.
- LÁZARO ARAUJO, L. [coord.] (2002): *Las acciones estructurales comunitarias en España y sus comunidades autónomas. Período 2000-2006*. Comisión Europea.
- MARTÍNEZ CANTERO, E. (2003): "Balance de los resultados de la aplicación del FEDER en el Marco comunitario de apoyo para las regiones españolas del objetivo 1 (1994-1999)", en O. Ogando e B. Miranda [coord.] "*Evaluación de programas e iniciativas comunitarias: experiencias, nuevas orientaciones y buenas prácticas*", pp. 97-127. Valladolid: Universidad de Valladolid, Instituto de Estudios Europeos.
- QUASAR CONSULTORES (2005): *Actualización de la evaluación intermedia del Programa operativo integrado de Galicia 2000-06. Informe definitivo*. Xunta de Galicia.
- RODRÍGUEZ POSE, A. (2000): "Economic Convergence and Regional Development Strategies in Spain: The Case of Galicia and Navarra", *European Investment Bank Papers*, vol. 5, núm. 1, pp. 89-115.
- RODRÍGUEZ POSE, A.; FRATESI, U. (2004): "Between Development and Social Policies: The Impact of European Structural Funds in Objective 1 Regions", *Regional Studies*, vol. 38, 1, pp. 97-113.
- SALINAS SÁNCHEZ, L. (2003): "La evaluación intermedia del programa operativo regional FEDER de Castilla y León (1994-1999)", en O. Ogando e B. Miranda [coord.] "*Evaluación de programas e iniciativas comunitarias: experiencias, nuevas orientaciones y buenas prácticas*", pp. 199-251. Valladolid: Universidad de Valladolid, Instituto de Estudios Europeos.
- TORRES SOLÉ, T.; SALA RÍOS, M. (2004): *Incidencia de los fondos estructurales en la cohesión regional española*. Universidad de Barcelona.